



Artigo de Gabriel Quiroga sobre o Arquivo de Galicia

Sumario

SUMARIO

Entrevista:	
Bibliotecarias de Redondela	pax. 2
Artigo:	
Arquivo de Galicia	pax. 5
Novos Centros:	
Biblioteca dos Rosales	pax. 7
Formación	pax. 8
Obxectivos	pax. 8
Contacta	pax. 8

Neste novo número contamos con varias novidades.

Unha nova sección de entrevistas que é inaugurada por **M^a Elena Becerra García e M^a José Villar Fernández, Bibliotecarias de Redondela.**

Sección seguida por un artigo de colaboración de **Gabriel Quiroga Barro, Subdirector Xeral de Arquivos e Museos,** sobre o **Arquivo de Galicia.** Aclarando algunhas dúbidas sobre o papel desta institución e a súa situación no contexto da Cidade da Cultura.

Sempre é unha boa noticia contar con novas infraestruturas culturais polo que aproveitamos para pedirlle a **Elena Pernas Lázaro,** Directoras das Bibliotecas Municipais da Coruña, que nos presentase a **Biblioteca dos**

Rosales inaugurada o pasado mes de Setembro.

Por último queremos continuar potenciando a profesión mediante os programas de **formación** realizados en colaboración con outras institucións e das que se aporta información ao final deste boletín.

Queremos contar coas vosas suxestións. Se queredes incluír novas seccións, enviar artigos e comentarios, ou todo aquilo que desexedes manifestar, estamos abertos á vosa colaboración. Podedes poñervos en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico:

anabadgalicia@mundo-r.com.
Ou no novo correo postal:
Anabad-Galicia
Apartado de correos 193
15080 A Coruña

ENTREVISTAS



Mª Elena Becerra García

Licenciada en Xeografía e Historia na especialidade de Museoloxía. Directora da Biblioteca Municipal Valle-Inclán de Redondela.



Mª José Villar Fernández

Licenciada en Historia da Arte. Aux. de Biblioteca na Axencia de Lectura de Chapela-Redondela.

Bibliotecas de
Redondela

En que e como vos formástedes?

ME: Cando comezou a miña relación co mundo das bibliotecas a formación nesta área era fundamentalmente autodidacta, xerada no día a día e apoiada polos cursos que esporadicamente se convocaban.

MJ: Estudiei a Licenciatura de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela e obtiven o Curso de Posgrado en Xestión de Bens Culturais e Patrimonio na Universidade de Coruña. Como bibliotecaria aprendín pola miña conta, aínda que lle teño moito que agradecer aos compañeiros do gremio, e sigo actualizándome grazas aos cursos da EGAP, ANABAD ou doutras entidades.

Como chegástedes a traballar no ámbito da biblioteconomía?

ME: Cando rematei a licenciatura tiña en mente dúas cousas: museos ou bibliotecas. Fixen un primeiro intento no campo museístico, pero decanteime rapidamente (e nunca me arrepentín) polas bibliotecas. O motivo: o máis puro fanatismo por todo o referente ao mundo do libro. Ademais neses anos vivíase en Galicia un momento moi ilusionante de cambio na imaxe e función das bibliotecas municipais.

MJ: O meu foi un pouco de casualidade. Eu estaba máis vinculada ao ámbito da investigación na arte, xa que desfrutaba dunha beca de formación no Museo de Pontevedra e traballara en temas relacionados coa documentación histórica. Presenteime para un contrato temporal para pór en funcionamento a Axencia de Lectura Municipal de Chapela e contratáronme. Posteriormente, hai un ano aproximadamente, saquei a praza en propiedade a través dunha oposición.

Que experiencia/s considerades que vos aportou máis a nivel profesional?

ME: O día a día no traballo, nada pode substituír isto.

MJ: Todo o que levo realizado nesta biblioteca, propoñendo actividades e tentando que o centro vaia a mellor. A liberdade de acción que tiven desde que entrei aquí permíteme experimentar e aprender dos meus acertos e tamén dos meus erros.

Canto tempo levades no posto actual? E que tipo de funcións realizades?

ME: 23 anos. Comecei nos baixos do Concello, cun primeiro ano que foi como un máster no trato cos usuarios, con todo tipo de situacións, desde as máis complexas ás máis curiosas e divertidas. A seguinte situación foi na Casa da Cultura, lugar que aínda se recorda con cariño entre os lectores daquela época e, finalmente, onde estamos agora nun Edificio Multiusos. Ao longo deste proceso as miñas funcións foron **TODAS**, pois eu era o único persoal. Na actualidade as miñas funcións son as de dirección, pero **todos seguimos facendo de todo**, pois traballo nunca falta.

MJ: Levo xa catro anos, aínda me segue a sorprender o rápido que pasa o tempo... As miñas funcións son principalmente as de xestionar a Axencia de Lectura de Chapela: tanto a nivel de atención ao usuario, como de catalogación, adquisicións, planificación de actividades, etc.

Que implantación cres que ten a vosa entidade na sociedade?

ME: É unha soa cousa con ela. A biblioteca forma parte da vida diaria dos cidadáns, aínda que temos que conseguir chegar a todos. O paso polas nosas dependencias e o desfrute dos servizos é algo cotián entre a cidadanía. Ademais, o lugar no que estamos situados, moi céntrico e cómodo, xunto a un xardín (e sobre un parking, detalle este importante) facilita moito o acceso.


MJ: A Axencia de Lectura de Chapela vaise dando a coñecer cada vez máis no seu contorno. Cada día un maior número de persoas se interesan pola nosa biblioteca e descubren que nela poden atopar moitos servizos.

BIBLIOTECAS DE REDONDELA



Biblioteca P. M. Valle-Inclán de Redondela

Edificio Multiusos-Paseo da Xunqueira, s/n-1º andar
36800-Redondela
986 401 561
bibliotecaredondela@redondela.es



[Web da Biblioteca de Redondela](#)

Biblioteca
P. M. Valle-
Inclán de
Redondela

Desde a perspectiva do voso traballo actual: como vedes a relación entre o voso labor e a sociedade?

ME: Penso que as bibliotecas **crean sociedade**. Vivimos nuns ámbitos dominados polo individualismo, onde é complicado crear relacións de grupo. A biblioteca, en si mesma, e as actividades que xera (clubs de lectura, etc.) axuda á socialización. En moitas ocasións convertímonos nun lugar de encontro.

MJ: O traballo da biblioteca pública defínese por e para os ámbitos onde se traballa. As necesidades de información, ocio e cultura do noso contorno social son as que, fundamentalmente, fan impulsar os nosos servizos.

Tedes desenvolto algún traballo en colaboración con profesionais doutras institucións?

ME: Fundamentalmente coas institucións educativas, fundacións culturais de carácter local e comarcal, centros cívicos e sociais... e desenvolvemos unha colaboración moi estreita cos departamentos de Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística do Concello, cos que levamos a cabo distintas actividades.

MJ: Dende a biblioteca tentamos sempre abrírnos a tódalas institucións e grupos representativos da localidade, ofrecéndolles servizos específicos e prestándonos a colaborar con eles nas súas necesidades e nos seus proxectos.

Como consideras que debe ser un bo profesional da xestión da información?

MJ: Unha persoa dinámica, imaxinativa e capaz de renovarse continuamente; eficiente para desenvolver moitas tarefas ao mesmo tempo, á vez que moi atento ás necesidades das persoas e os grupos cos que se move. Tamén é moi importante ter bastante dose de paciencia e enerxía para enfrontarse aos novos retos.

ME: Xunto co dito por María Xosé, paréceme importante que este profesional realice un labor de formación cos usuarios, axudándolles a ser, eles tamén, bos xestores da información coa que traballan (en páxinas web, xornais, textos varios, audiovisuais...), aprendendo a seleccionar fontes informativas de calidade e as máis axeitadas ás súas necesidades. Hai tempo escoitei ou lin, non lembro, unha idea que me gustou moito que **as bibliotecas non só tiñan que difundir e organizar a información senón tamén xerala**.

Como é a implantación das novas tecnoloxías na vosa biblioteca?

ME: Como di o refrán imos "sen présa pero sen pausa": aumenta cada ano o número de ordenadores ao público e os elementos tecnolóxicos de uso básico (impresoras, fotocopiadora, escaner,...)

MJ: Boa, xa que contamos con Internet e con bastantes equipos informáticos a disposición do público, á vez que temos servizos online como a nosa páxina web e o noso blog.

Utilizades algún novo medio de difusión da información da propia institución?

MJ: Temos un blog que inauguramos en marzo deste ano. Elena é a principal blogueira da biblioteca, eu escribo post de cando en vez (aínda que lle prometín aumentar as miñas colaboracións).

ME: Estamos moi ilusionadas co blog, aínda que temos moito que aprender, pero, pouco a pouco, ímolo mellorando. Tamén estamos moi contentas coa nova imaxe da páxina web, que tivo un proceso creativo moi arduo. Desde aquí queremos darlle as grazas a Olalla Casanova do Departamento de Novas Tecnoloxías do Concello, que soportou estoicamente o noso aluvián de ideas, suxerencias e cambios.

BIBLIOTECAS DE REDONDELA



Axencia Municipal de Lectura de Chapela-Redondela

Edificio Multiusos-Piñeiral do Crego, s.n.
36320 -Chapela (Redondela)
986 454 226
bibliotecachapela@redondela.es



[Blog da Biblioteca de Redondela](#)

Axencia
Municipal de
Lectura de
Chapela-
Redondela

Credes necesario un maior e/ou mellor uso das mesmas?

MJ: Penso nun uso axeitado e eficiente. É interesante que as bibliotecas teñamos unha boa visibilidade na rede, e o óptimo sería poder dar servizos na maior variedade posible de medios de difusión. Pero, dado que os nosos recursos de persoal e de tempo son limitados, penso que é máis efectivo centrarse na calidade daqueles servizos que decidamos empregar e tamén na utilidade que estes terán para o usuario.

ME: Estou totalmente de acordo. Sempre se pode mellorar o uso e o rendemento destes medios, pero son iso **medios**, hai que estudar o que realmente necesitamos para dar o mellor servizo aos nosos lectores, e isto non sempre está en proporción directa coa cantidade de ferramentas sociais coas que se conta. Moitas veces "menos é máis" se ese menos está ben rendibilizado.

Utilizades a nivel persoal/profesional algunha ferramenta social?

ME: A nivel persoal colaboro nun blog de cine e libros e, en facebook, formo parte dun Club de Lectura que aproveita esta ferramenta para manernos en contacto entre reunión e reunión.

MJ: A nivel persoal utilizo sobre todo Facebook. Anteriormente tamén participaba, de cando en vez, en foros para comentar libros, cinema, música ou teatro.

Credes que a nosa profesión está suficientemente valorada a nivel social?

ME: Noooooooooon. Tristemente, aínda que se mellorou na percepción social do profesional, non se avanzou tanto como se podía esperar tendo en conta a gran cantidade de tempo e esforzo investidos por moitos compañeiros e institucións, ao longo destes anos, en relación con este campo. O noso traballo segue sendo un gran descoñecido, e para moitos continuamos a ser "os que despachan os libros".

MJ: Pouco a pouco a imaxe do bibliotecario tende a ser, de cara o público xeral, a dunha persoa coñecedora das novas tecnoloxías e con criterio para recomendarnos lecturas ou calquera outro documento. Porén, como di Elena, nas bibliotecas pequenas seguimos a sentir como

grande parte dos usuarios só nos perciben como uns despachadores de documentos.

Como credes que deberíamos contribuir como profesionais a visibilizar a profesión e a poñer en valor os nosos servizos?

ME: Primeiramente, cunha actuación profesional e de calidade cara os nosos usuarios no día a día do traballo, para o que é necesaria unha formación e actualización continuadas. Doutra banda, non podemos deixar de lado os recursos de marketing bibliotecario para nos facer ver.

MJ: Traballando en dar bos servizos aos usuarios e reinventándonos cada día. É importante a cooperación entre profesionais, de xeito que poidamos aproveitar recursos que nos sirvan para todos.

Como vedes o asociacionismo na nosa profesión?

ME: Necesario pero, dadas as diversas situacións, problemáticas, etc, non é doado de conseguir.

MJ: Necesario. Un xeito de estar máis preto dos compañeiros para compartir día a día os nosos recursos.

Que botades en falta para os profesionais galegos?

ME: Un estatus laboral digno para todos os profesionais de todas as bibliotecas, desde os que desenvolven a súa actividade nas poboacións máis pequenas ata os que o fan nas grandes cidades.

MJ: Suscríbome ao que di Elena. Tamén boto en falta máis proximidade entre nós para traballar xuntos en proxectos colaborativos.

Por último poderíades recomendar algunha lectura ou visita profesional que consideres interesante?

ME: *La sabiduría del bibliotecario* de Michel Melot. Vitoria-Gasteiz: Servizo Central de Publicacións do Goberno Vasco, 2005

MJ: Por exemplo, algún dos blogs máis interesantes e/ou divertidos:

- <http://www.deakialli.com/>
- <http://elciudadano-bibliotecario.blogspot.com>
- <http://burgostecarios.blogspot.com/>

ARTIGO



Gabriel Quiroga Barro
Subdirector Xeral de Arquivos e Museos

**Centro
de Referencia
do Sistema de
Arquivos de
Galicia**

O SERVIZO DO SUBSISTEMA DE ARQUIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (ARQUIVO DE GALICIA)

O Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma é a unidade administrativa dependente da Subdirección Xeral de Arquivos e Museos que exerce na actualidade (Decreto 337/2009, do 11 de xuño) as competencias que se lle asignaban á Subdirección Xeral do Arquivo Nacional de Galicia no Decreto 17/2008, do 7 de febreiro, polo que se modificaba a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte.

O Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma ten a súa sede na Cidade da Cultura de Galicia, no monte Gaiás, en Santiago de Compostela, e ocupa o edificio do centro que se denominará no futuro Arquivo de Galicia. Desde o punto de vista orgánico, adscíbese, a través da Subdirección citada, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

Cales son, pois, as funcións deste servizo?

Nas normas citadas, destacan dúas fundamentais:

- Constituír o arquivo histórico do Subsistema de arquivos da Xunta de Galicia.
- Ser o centro de referencia do Sistema de arquivos de Galicia.

Por tanto, os seus fins son recibir, custodiar, comunicar e difundir os documentos que posúan valor histórico e sexan de conservación permanente producidos polos diferentes órganos e entidades de ámbito autonómico (superior, por tanto a unha provincia) dependentes da Xunta de Galicia, e por calquera organismo, institución ou entidade de ámbito galego, de carácter privado ou público, que teña especial relevancia para Galicia con independencia da súa antigüidade.

Así, como arquivo histórico da Xunta de Galicia, o futuro Arquivo de Galicia culminará a organización do Subsistema de Arquivos da

Administración Galega. Un sistema aínda en construción que se articula desde un punto de vista territorial en dous planos: no plano central, o Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, de carácter intermedio, debe recibir, custodiar e tratar as series documentais que lle transfiren os arquivos centrais ou, directamente, os servizos administrativos de cada consellería ou órgano delas dependentes. No plano provincial, os arquivos históricos provinciais correspondentes e o Arquivo do Reino de Galicia na provincia da Coruña deben realizar as mesmas funcións en relación aos arquivos xerais das delegacións territoriais e dependencias administrativas da Xunta na demarcación.

Ademais, como arquivo histórico da Administración que é competente en materia de patrimonio documental e arquivos de interese galego, o Arquivo de Galicia está chamado a recibir, por transferencia, doazón, legado, depósito ou compra, outros fondos, de orixe pública ou privada, de institucións, entidades, empresas, familias ou persoas galegas que teñan especial relevancia e transcendencia polo seu valor cultural para Galicia.

Na súa función de centro de referencia de todo o Sistema de Arquivos de Galicia, o Servizo do Subsistema de Arquivos debe desempeñar un papel de liderado para todos os arquivos e centros do sistema.

Como?

Por unha banda, mediante a promoción de iniciativas para desenvolver normas técnicas en todos os ámbitos da xestión documental (ingresos, identificación, valoración e selección; conservación e descrición), ou do acceso aos arquivos e o servizo dos documentos.

ARTIGO



Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma [Arquivo de Galicia]

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 999 661
Fax: 881 999 740

Información do Servizo

Dirección: M^a del Mar García Miraz,
xefa do Servizo
Creación: 18 de xaneiro de 2008
Nº de fondos: 2.920 u.i. (335,8 m.)
con datas extremas 1895/2000
Horario de visita: o centro aínda non
se encontra aberto oficialmente.

Centro
Documental
moderno e
eficaz

Isto incluírá tamén o desenvolvemento de proxectos globais de tratamento do patrimonio documental de Galicia, como poden ser programas de dixitalización de fondos e creación de repositorios dixitais e a conexión con outros proxectos de arquivos/bibliotecas dixitais de ámbito estatal ou internacional.

Por outra, co desenvolvemento de proxectos de traballo no seo do Subsistema de Arquivos da Xunta que poidan constituír modelos efectivos para o tratamento técnico (identificación e valoración e descrición, fundamentalmente) nos arquivos centrais/territoriais e históricos provinciais da Xunta.

Ademais, o Servizo do Subsistema de Arquivos da Comunidade Autónoma aspira a colaborar de forma activa no desenvolvemento das iniciativas que a Xunta de Galicia tome en materia de administración electrónica.

Tan amplas competencias e tan ambiciosos proxectos esixen rigor na planificación estratéxica do centro e esforzo e paciencia no desenvolvemento dos programas e accións necesarias a medio e longo prazo. Sabemos ben o que aspiramos a conseguir, pero somos conscientes da dificultade que supón crear un centro destas características desde a nada.

A que dificultades nos referimos?

Sen contar o reducido cadro de persoal inicial (10 traballadores, 5 dos cales son técnicos) e a débil articulación do Subsistema de Arquivos da Xunta no nivel central, a maior ameaza que detectamos é a da invisibilidade. Algo, por outra parte, común a todo o patrimonio documental.

Por iso, as primeiras liñas de traballo desenvolvidas desde a posta en funcionamento do Arquivo/Servizo hai pouco máis dun ano foron gañar contido e visibilidade no menor tempo posible.

Gañar contido significa comezar a recibir fondos e iniciar o seu tratamento técnico sen demora. Desde febreiro do ano 2009, unha vez instalados os traballadores no edificio do Gaiás, comezou o Arquivo recibir transferencias documentais procedentes do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, situado no santiagués Polígono do Tambre.

Trátase dos fondos producidos pola Xunta de Galicia, por algúns outros órganos dos que herdou competencias ou simplemente, desaparecido, e dos que se presume un valor histórico que implique a súa conservación permanente. Nas cinco remesas documentais producidas ata o momento, ingresaron un total de 2.920 unidades de instalación, uns 336 metros lineais de andeis, con datas extremas entre os anos 1895 e 2000. Todos se achán descritos en base de datos e dispoñibles para a súa consulta de acordo coas normas legais vixentes.

Gañar visibilidade quere dicir dar a coñecer o Arquivo e os servizos que ofrece en todos os ámbitos, e antes que nada no propio medio produtor de documentos. Por iso, o traballo técnico desenvolvido nestes meses en colaboración co persoal do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia centrouse na definición e execución da primeira fase do proxecto de organización e descrición do fondo documental da Xunta. O obxectivo que se persigue é aproveitar o traballo de identificación e descrición desenvolvido en anos anteriores polo Arquivo Xeral, afondando no estudo institucional e funcional da Xunta, para poder facer visible na web en pouco tempo a información descritiva de un e doutro arquivo. Pretendemos que os responsables e funcionarios das diferentes consellerías e entidades da Administración de Galicia e todos os cidadáns interesados poidan acceder moi pronto na rede á consulta da información dos fondos documentais.

Por riba das polémicas que arrodean á Cidade da Cultura de Galicia, o edificio do Arquivo de Galicia, o primeiro rematado do complexo, vai contribuír, sen dúbida, coa súa carga estética e simbólica, a transmitir esa anhelada visibilidade, reflexo da importancia que como fonte de información, instrumento de xestión e valor cultural de seu posúe o patrimonio documental de Galicia. Ao tempo, engadirá no imaxinario colectivo unha idea de unidade na dispersión que convén a un centro documental que nunca quererá ser un cemiterio burocrático senón a expresión máis xenuína dunha administración moderna e eficaz e dunha cultura que desde a súa raíz aspira a ser universal.

NOVOS CENTROS



Biblioteca dos Rosales

Praza Elíptica 1
15008 A Coruña
Tel.: 981 900 719
brosales@coruna.es

Cicerón dicía:

Se cerca da Biblioteca tedes un xardín, xa non vos faltará de nada

Nós dicimos:

Xa tedes unha praza na praza un xardín no xardín, A BIBLIOTECA. NA BIBLIOTECA SÓ FALTADES VÓS.

A biblioteca aspira a se converter no corazón do barrio



Elena Pernas Lázaro

Directora das Bibliotecas Municipais da Coruña

BIBLIOTECA DOS ROSALES

Facer dun supermercado unha biblioteca non é cousa fácil e foi un reto engadido ao feito de iniciar o proxecto de creación dun novo punto de servizo para a rede municipal de bibliotecas. E non será porque non tomemos exemplo de moitos espazos comerciais, da súa forma de captar clientes, de vender produtos, de expoñelos e destacalos, das súas técnicas de marketing. Pero a nosa clientela non é de paso, ou non debería, queremos que queden, que compartan, que se atopen confortables e iso non é posible só coa luz que pode dar o descubrir e aprender nos libros, nas películas, na música, nas conversas cos outros,... é aí onde a metáfora non chega e comeza o reto de converter un soto nun espazo luminoso e acoledor. E así foi como medraron os patios interiores que trouxeron luz, aire e a posibilidade de ampliar a visibilidade a través das cristaleiras.

Pero da man dos patios chegaron novas dificultades: a redución de metros cadrados dispoñibles, a compartimentación dos espazos, a estrutura labiríntica... e como niso de facer do defecto vitude sabemos moito os bibliotecarios, puxémonos mans á obra e despois de numerosas reunións de traballo co arquitecto, as pedras do camiño foron desaparecendo e entre todos imaxinamos unha biblioteca na que prestar os servizos que queríamos.

E foi aquí en todas estas reunións de emborronar planos, de facer e desfacer, de moito discorrer que a necesidade agudizou o noso inxenio e que Fabio o noso arquitecto e compañeiro de proxecto foi dándolle forma real a todos os nosos requerimentos e axudounos a crear eses espazos singulares, e a reflectir na súa propia concepción e deseño a biblioteca que desexábamos para os veciños: unha biblioteca para estar, para descubrir, para compartir, para participar. Canto traballamos, canto aprendimos, canto desfrutamos!

Tivemos a grandísima fortuna de que o persoal da biblioteca chegou un mes antes de inaugurala. A verdade é que a iso poderíamoslle chamar optimismo pois nun plano de algo que agora poida parecer utópico pero que debería ser realidade terían que ter chegado antes de iniciar o proxecto para desenvolvelo e participar nel

desde o principio. E iso non só porque para os que estivemos aí fose unha carga de traballo adicional senón tamén polo que supón de motivador para o futuro equipo de traballo, polo que supón de compromiso desde o principio, polo que supón de facer do proxecto algo propio. Pero aínda así nos tempos que corren foi unha sorte e recibímolos cos brazos abertos e participaron e aportaron e crearon grupo e apropiáronse do proxecto.

Foi un mes intenso de posta a punto e de preparativos para a inauguración pero tamén un mes no que consensuar e empezar a traballar, desde xa, nas liñas estratéxicas da nova biblioteca entre as que destacaríamos ser dúbida o interese por desenvolver un proxecto de participación cos veciños. As asociacións, entidades, colectivos do barrio e comerciantes recibiron a visita dos membros do equipo para lles contar os proxectos e as ideas, para recoller suxerencias... Os veciños e as veciñas falaban diante das cámaras para contar e comentar o que esperaban e querían da biblioteca e acabaron como protagonistas dunha montaxe audiovisual. Os que foron visitala descubriron que xa formaban parte dela.

O mesmo sucedeu coas familias con bebés que se presentaron voluntarias para lles facer fotos de esceas de lectura cos seus pequenos e pequenas. Alí están e estarán na Bebeteca proxectadas continuamente para incitar novos lectores. Porque a biblioteca de Rosales é a primeira da rede municipal que está equipada cun espazo diferenciado de bebeteca para que xa, desde os primeiros meses de vida, as nenas e os nenos poidan entrar en contacto cos libros e coa lectura. Arredor deste espazo e deste grupo de idade, desenvolverase un programa de actividades dirixidas tamén ás nais e aos pais coa intención de lles axudar no seu papel de mediadores de lectura.

Pero a auténtica biblioteca do barrio irase construíndo día a día coas achegas de todas e de todos. Asociacións, colectivos, entidades e persoas do barrio traballarán man a man co equipo da biblioteca para que os espazos, os recursos e as actividades respondan a todas as sensibilidades e necesidades dos veciños. **A nova biblioteca aspira a se converter no corazón do barrio.**

FORMACIÓN

ARQUIVOS

En colaboración co **Servizo de Arquivos**, organizaranse dous cursos neste trimestre destinados ao persoal do Sistema de Arquivos de Galicia:

1. Planificación de arquivos, impartido por Eduardo Núñez, do Servizo de Arquivo e Documentación de Gijón. Terá lugar no MUPEGA, en Santiago de Compostela, os días 18, 19 e 20 de Novembro en horario de 9 a 14h.

O obxectivo deste curso é definir os diferentes tipos de planificación, describindo os instrumentos cos recursos de planificación de arquivos, con especial referencia á planificación por obxectivos.

[Convocatoria](#) / [Ficha de inscrición](#).

2. A normalización na xestión de documentos e arquivos, impartido por Joaquim Llansó, da Universidad de Navarra. Realizarase no MUPEGA, en Santiago de Compostela, os días 9, 10 e 11 de Decembro en horario de 9 a 14h.

O obxectivo do curso é coñecer o contexto de creación, a estrutura e o proceso de elaboración da norma ISO 15489, concretando o modelo de sistema de xestión de documentos proposto pola mesma e sinalando os pasos para a realización dun proxecto de actuación arquivística.

[Convocatoria](#) / [Ficha de inscrición](#).

BIBLIOTECAS

1. Lectura e recursos para colectivos específicos: terceira idade, inmigrantes e persoas con discapacidade:

Realizado en colaboración coa **FEGAMP**. Será impartido por Fátima García López, M^a Teresa Monje Jiménez e Ana María Morales García, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Celebrarase na sede da FEGAMP en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de novembro en horario de 10 a 14 e de 16 a 20h.

O obxectivo do curso é establecer un estado da cuestión sobre as coleccións, os principios recursos de información e as actividades lectoras que se están levando a cabo para estes colectivos, nas distintas bibliotecas públicas.

Inscrición: até o 9 de Novembro. [Convocatoria](#).

2. Xestión de clubs de lectura:

En colaboración coa **Deputación de Lugo**. Será impartido por Villar Arellano, da Biblioteca Cívica. Realizarase na Deputación de Lugo, os días 11, 12 e 13 de Novembro en horario de 16,30 a 21h.

O obxectivo do curso é adquirir os conceptos e estratexias necesarios para impulsar un club de lectura. BOP, n. 236 de 15 de outubro de 2009. [Convocatoria](#).

OBXECTIVOS

En ANABAD-Galicia temos por obxectivo fundamental promover o desenvolvemento profesional dos nosos socios e dos servizos que temos encomendados.

Carecemos de finalidade lucrativa e dedicamos os beneficios eventualmente acadados ao desenvolvemento das nosas actividades.

Ocupámonos de administrar o patrimonio e representar os nosos socios nas actuacións conxuntas en defensa do patrimonio histórico de Galicia.

Os nosos obxectivos son:

- Defender os intereses profesionais dos asociados
- Contribuír á súa formación profesional
- Propiciar unha maior conciencia da realidade profesional dentro da comunidade á que atenden
- Favorecer a mellora dos servizos encomendados aos asociados

ONDE ENCONTRARNOS

Web: www.anabadgalicia.net

Blog: <http://agabad.blogspot.com>

Lista de distribución: <http://groups.google.es/group/anabad-galicia>

E-mail: anabadgalicia@mundo-r.com

Tel.: 661 709 823 (Alba)

Horario atención:

L, Ma, X, V: de 10 a 14h. / Me: de 17 a 20h.

ASÓCIATE

[Ficha de inscrición](#)

Novo enderezo:

Apdo. 193

15080 A Coruña



ANABAD-GALICIA

FORMA PARTE DAS FEDERACIÓNS

